

EPAPU EDUARDO PONDAL

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

CURSO ESCOLAR 2018-19

GUÍA BREVE DA MATERIA DE PSICOLOXÍA DE 2º CURSO DE BACHARELATO.

(Esta guía é orientativa. Recoméndase falar co profesor da materia para coñecer posibles modificacións).

1.METODOLOXÍA

A atención ó alumnado realizarase basicamente a través de titorías presenciais, que serán de dous tipos: por un lado as titorías lectivas semanais de grupo (1 por semana); e por outro lado as titorías de orientación individual no despacho do profesor (2 por semana). O horario destas titorías móstrase no taboleiro de anuncios do centro.

2. MATERIAIS E RECURSOS

APUNTES DO PROFESOR (material principal)

3.TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS

CONTIDOS

PRIMEIRA AVALIACIÓN.

UNIDADE 1.

Obxecto propio da psicoloxía. A psicoloxía e outros saberes. Antecedentes históricos. Algunhas escolas psicolóxicas.

Metodoloxías e ramas da investigación psicolóxica.

UNIDADE 2

Anatomía do encéfalo humano.

Filoxénese da evolución do cerebro humano e relación coa conduta.

Morfoloxía da neurona. Sinapse, impulso nervioso e neurotransmisores.

Áreas do cerebro e as funcións que executan.

Xenéticas e discurso de xénero.

UNIDADE 3

Percepción: elementos e fases do proceso

Teorías sobre a percepción.

Ilusións ópticas e trastornos perceptivos

A memoria. O olvido

Atención e concentración.

Segunda avaliación

UNIDADE 4

Teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico; aprendizaxe por ensaio-erro; condicionamento instrumental; teoría cognitiva; aprendizaxe cognitivo e social social.

Factores que inflúen na aprendizaxe.

UNIDADE 5

A personalidade e os trastornos mentais.

Definición e métodos de estudio da personalidade.

Teorías sobre a personalidade e trastornos.

Psicoterapias.

Terceira avaliación

UNIDADE 6

Teorías sobre a motivación. Vida afectiva e intelixencia.

Causas da frustración.

Alternativas á frustración: agresión, logro indirecto, evasión, depresión ou aceptación.

A sexualidade

UNIDADE 7

A psicoloxía social. A socialización.

Identidade pertencencia e liberdade.

Dependencia e independencia.

CONTIDOS MÍNIMOS.

Bloque 1: A psicoloxía como ciencia.

Obxecto propio da psicoloxía.

A psicoloxía e outros saberes.

Metodoloxías e ramas da investigación psicolóxica.

Bloque 2. Fundamentos biolóxicos da conduta.

Anatomía do encéfalo humano.

Filoxénese da evolución do cerebro humano e relación coa conduta.

Morfoloxía da neurona. Sinapse, impulso nervioso e neurotransmisores.

Áreas do cerebro e as funcións que executan.

Xenéticas e discurso de xénero.

Bloque 3. Os procesos cognitivos básicos:

percepción, atención e memoria

Percepción: elementos e fases do proceso.

Teorías sobre a percepción.

Ilusións ópticas e trastornos perceptivos.

A memoria. O olvido.

Atención e concentración.

Bloque 4. Procesos cognitivos superiores:

aprendizaxe, intelixencia e pensamento

Teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico;

aprendizaxe por ensaio-erro; condicionamento instrumental; teoría cognitiva; aprendizaxe social.

Factores que inflúen na aprendizaxe.

Teorías actuais sobre a intelixencia

Procesos cognitivos superiores: pensamento, razoamento e creatividade.

A intelixencia emocional e as súas competencias.

Bloque 5. A construción do ser humano.

Motivación, personalidade e afectividade.

Teorías sobre a motivación.

Causas da frustración.

Alternativas á frustración: agresión, logro indirecto, evasión, depresión ou aceptación. Teorías da

personalidade

Métodos de avaliación da personalidade e as súas limitacións.

Drogas; alteracións de conciencia e de personalidade.

Identidade e autoestima.

Patoloxías que supoñen unha alteración da personalidade

Perspectivas, modelos de estudo e métodos usados para tratar as psicopatoloxías.

Trastornos en relación ás necesidades biolóxicas e ás adicións, ás emocións.

Trastornos en relación a elementos corporais, á personalidade e ao desenvolvemento evolutivo.

Intelixencia emocional.

Importancia da afectividade e da sexualidade na maduración da persoa. Psicología da sexualidade.

Bloque 6. Psicología social e das organizacións

Procesos psicolóxicos de masas.

Aplicación da Psicología no mundo laboral. Recursos humanos e riscos da saúde psicolóxica laboral.

TEMPORALIZACIÓN

1ª Avaluación: Unidades 1 a 3

2ª avaluación: Unidades 4 e 5

3ª avaluación: Unidades 6 e 7

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Para avaliar ó aprendizaxe dos alumnos se elexirá entre os seguintes criterios :

1. Controles escritos das unidades didácticas.
2. Control dos comentarios de texto feitos no caderno.

3. Exposición na clase dos coñecementos adquiridos.

4. Recoller e integrar información a través dos diversos medios acerca dos problemas propostos para cada bloque temático.

5. Transferir e aplicar as nocións, conceptos e teorías incorporadas á análise da vida real e do propio contorno.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN DE APRENDIZAXE

Considero que a avaliación debe ser aberta e ter en conta varios aspectos entre os que prevalecen os seguintes:

1.- Observación directa do alumno a través do seu traballo cotián.

A asistencia á clase e a actitude influirán na cualificación.

2.- Revisión periódica do caderno de traballo.

3.- Probas de control do aprendizaxe: ao final da cada avaliación o alumno deberá realizar unha proba escrita na que se determinará, baixo os criterios xerais de avaliación e os criterios específicos de avaliación das unidades obxecto de exame, o seu dominio dos contidos.

4.- O alumnado que non se presente a algunha das probas de avaliación (serán tres) poderá presentarse a proba final.

5.-As probas consistirán en contestar dez cuestións referidas ás unidades obxecto de exame. Cada cuestión valerá 1 punto.

6.- Para aprobar o alumno deberá obter unha cualificación de cinco (5) puntos.

7.- Ademais dos coñecementos avaliaranse a ortografía, a redacción, a argumentación e a claridade expositiva.

8.- A nota final deducirase da media aritmética dos resultados das avaliacións.

9. O exame final será de recuperación das avaliacións que cada alumno teña pendentas. Se formularán cinco preguntas por cada unha das tres avaliacións e o alumno contestará ás que teña que recuperar.

10. En setembro se formularán dez preguntas do conxunto do temario.